



XUNTA
DE GALICIA



Concello de
OURENSE

galiciã

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA
AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A
PROMOCIÓN DE OURENSE COMO CAPITAL TERMAL DE GALICIA.**

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2016



Reunidos

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra, o **Concello de Ourense** e no seu nome e representación D. Jesús Vázquez Abad, na súa calidade de Alcalde Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN



Primeiro.- Os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e



sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a *“información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”*. Dita competencia é exercida neste caso polo Concello de Ourense.

Segundo.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Deste xeito, a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, programa 761A.

Terceiro.- Galicia conta cun patrimonio natural e cultural que a fan única. Entre os seus múltiples recursos endóxeos, un deles destaca notablemente pola súa abundancia, calidade e singularidade, e que constitúe unha vantaxe diferenciadora e competitiva respecto a outros destinos tanto a nivel nacional como internacional: as súas augas termais.

O turismo termal en Galicia é un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade, con maior capacidade de desestacionalización da demanda, con poder para a captación de máis segmentos de público, de gran atractivo para a articulación de oferta turística combinada con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enogastronómico, deportivo, etc.

Cuarto.- A cidade de Ourense configúrase como a capital termal de Galicia por excelencia, con máis de 100 afloramentos de auga termal de calidade polas súas propiedades mineromedicinais, con un bo caudal e alta temperatura. A súa tradición turística termal está avalada por unha produción diaria de máis de cinco millóns de litros de auga minero medicinal da que xa disfrutaban os seus primeiros poboadores romanos.

No seu casco histórico, As Burgas, declaradas Ben de Interese Cultural en 2007, representan o corazón do termalismo desta cidade. Así mesmo, nas aforas da cidade, cinco quilómetros de senda peatonal configuran a Ruta Termal do Miño, na que se concentran hasta sete instalacións termais.



Neste camiño atopamos A Chavasqueira, que é un conxunto de pequenas piscinas naturais ao aire libre cunha temperatura que ronda os 43 °C; a fonte-mirador de O Tinteiro, fonte de auga termal ubicada nun mirador sobre o río Miño; as Termas de Muíño da Veiga, conxunto termal formado por cinco piscinas ao aire libre ao pé dun antigo muíño; as Termas de Outariz e Burga de Canedo, que é a zona termal máis grande da cidade; e a fonte de Reza.

En canto á provincia, Ourense é a que conta con maior número de suxerencias termais catalogadas en toda Galicia, con oito balnearios en activo e novas instalacións proxectadas.

Quinto.- As actividades relacionadas coa promoción da riqueza e do turismo termal en Ourense contribúen a potenciarlo como destino turístico e contribúen a consolidar á Comunidade Autónoma como oferta de turismo termal e que isto incida no seu coñecemento no exterior.

Sexto.- Todo isto responde a obxectivos trazados no Plan de Turismo Termal 2014-2020:

- Obxectivo central: Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan á creación do destino Ourense, Provincia Termal.

- Obxectivos específicos:

Obxectivo 1. Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais, e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico

Obxectivo 2. Articular os recursos, servizos e oferta termais como Produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores.

Obxectivo 3. Posicionar Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

En consideración a todo o exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración, de acordo ás

seguinte





XUNTA
DE GALICIA



Concello de
OURENSE

galicia

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Ourense para a promoción da cidade de Ourense en xeral e de Ourense Termal en particular, a través dos medios de comunicación.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a trinta mil euros (30.000 €), que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Programa especial de radio cobertura nacional desde a cidade de Ourense, a desenvolver na segunda quincena a desenvolver na 2ª quincena do mes de setembro	19.500 euros
Campaña de promoción da cidade de Ourense, na primeira quincena de setembro e unha entrevista a un persoaxe ou representante destacado da cidade, en programa de cobertura nacional	10.500 euros



Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016 trinta mil euros (30.000 €), con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3, proxecto 2015 00006, para posibilitar a realización das actuacións será dedicada a gastos de promoción, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Ourense obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.



Terceira.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de 30.000€ que se imputarán á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do presente exercicio económico.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o Concello de Ourense queda exonerado da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é o referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no termalismo e no Camiño de Santiago.

Cuarta.- Compromisos do Concello de Ourense

- Levar a cabo as accións obxecto do presente convenio para a promoción de Ourense como Capital Termal de Galicia.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade que xeren as actividades deste convenio.

Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Ourense poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta





comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

Quinta.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación



aqueles gastos nos que teña que incorrer o Concello de Ourense para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Ourense, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.



Sexta.- Xustificación dos investimentos

1. O Concello de Ourense, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





- d) Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses dereivados destes.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.

3. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

4. O prazo para xustificar por parte do Concello de Ourense remata o 30 de novembro de 2016. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, o Concello deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando obedezan a razóns xustificadas, e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



5. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente. Esta comisión estará integrada por un representante designado polo concello de Ourense e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Oitava.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Novena.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de novembro 2016. Non obstante a cláusula anterior, **o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016.**

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-



administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 4.1 c).

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa que sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio e non dirimidas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa (artigo 8.3 da Lei 30/1992), sen prexuízo da aplicación do artigo 44 da Lei 29/1988, de xurisdición contenciosa para os litixios entre administracións públicas e da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, e o consentimento ou autorización para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de

Convenios da Xunta de Galicia, e no citado artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.





XUNTA
DE GALICIA



Concello de
OURENSE

galiciã

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA
A DIRECTORA DE TURISMO DE GALICIA



M^a Nava Castro Domínguez

POLO CONCELLO DE OURENSE
O ALCALDE



Jesús Vázquez Abad